

ACTIVIDADES INGLÉS.

Tercer trimestre

Primeira semana

Comeza o terceiro trimestre. Como ata agora enviareivos unha lista de actividades cada semana.

É moi importante que me envidedes o que o alumnado vai facendo xa que ó final de curso teremos que facer un informe individual.

Recordade que non é estrictamente necesario imprimir absolutamente todo o material que vos entrego. De feito, diría que o único necesario son as flashcards e para iso, se non tedes acceso a unha impresora, os alumnos poden aprender o vocabulario memorizandoas directamente.

En canto as actividades, tampoco fai falta imprimilas. Os alumnos poden copiar nun folio os enunciados e resolvelas directamente. Para enviarmas facer unha foto directamente co teléfono do móvil pode darnos unha imaxe de calidade moi baixa. Por iso eu recoméndovos que instaledes unha app que se chama CamScanner, unha aplicación que escanea documentos directamente co móvil.

Tede en conta que tan importante como o traballo escrito (fichas, redaccións, exercicios) é o traballo oral. Podedes grabar vídeo ou audio, o que vos sexa máis cómodo.

En canto as canles de comunicación rógovos que me envidedes as actividades ó correo electrónico dopicoingles@gmail.com e que o Hangouts o empreguemos para resolver dúbidas ou complicacións de calquera tipo.

Moitísimo ánimo a todos. Xa queda menos.

Luis.

- INFANTIL

Os nenos xa saben dicir que levan posto. Agora imos intentar que digan que leva posto outra persoa.

Obxectivos desta semana:

1.- Decir que levan posto en inglés. *I'm wearing a T-shirt, pants, socks and shoes.*

2.- Decir que leva posto un de vós (papá ou mamá).

Se describe o que leva posto papá dirá *He's wearing a T-shirt.*

Se describe a mamá dirá: *She's wearing a T-shirt.*

Material necesario:

Vocabulario sobre a roupa que traballamos ata agora.

Vídeo moi completo. Repasa prendas de roupa que xa coñecemos e menciona outras que non traballamos, explica como dicir o que un mesmo leva posto e o que un home ou unha muller leva posto e ademáis repasa as cores:

<https://www.youtube.com/watch?v=w6l15vqtjpc>

Actividades: Grabar un audio ou vídeo para cada apartado e enviarmos o meu correo. Recómendovos que se non tedes moita práctica no manexo da informática me enviades un audio do alumno falando e unha foto coa imaxe da persoa coa roupa que o neno está describindo.

a) **Esta actividade é de repaso. Xa a propuxen na última tanda de actividades. Só a inclúo para que todos aqueles alumnos que non me enviaron ningún audio ou vídeo o fagan esta semana.** Describir que levan posto. Unha vez xa teñen ben aprendido o vocabulario, explicádelles que *I'm wearing...* significa "Levo posto..." e empezade a practicalo con eles. Empezade só coas prendas de roupa:

Se vedes que o controlan podedes empezar a pedirilles que digan tamén a cor da prenda de roupa.

I'm wearing a red hat

I'm wearing blue pants.

b) Describir que leva posto papá ou mamá. Recómendovos que está actividade a fagades usando o vocabulario da canción *Put on your hat* porque en principio ese é o vocabulario que teñen máis interiorizado.

Se describe a roupa de papá ten que dicir *He is wearing a...* xa que *He* significa “Él”.

Se describe a roupa de mamá ten que dicir *She is wearing a...* xa que *She* significa “ela”.

Ante calquera dúbida ou dificultade que atopedes xa sexa na pronunciación das palabras, na execución do exercicio ou na grabación ou envío da actividade, por favor pónedevos en contacto connigo vía e-mail ou Hangouts.